



Como participante das actividades da Campaña de Verán-2018 no **CAMPAMENTO XUVENIL "ILLA DE ONS"**, esta xefatura territorial ten o gusto de informarte que a túa incorporación será o primeiro día da quenda para a que obtiveches praza, que farás como segue:

Deberás estar na nave de Mariñeiros, peirao de Bueu, ás **14:45 horas**, para poder embarcar ás **16 horas**. O billete será por conta de cada participante (**6 € ata 12 anos; 11 € máis de 12 anos**). No peirao seredes recibidos polo equipo técnico.

A recollida será o **último día da quenda** e deberá recollerte a túa familia ese día, no mesmo peirao, ás **11:30 horas**.

**IMPORTANTE:** Para a **recollida do neno/a é imprescindible** cubrir o **impreso de "abandono da actividade"** que lle facilitará o responsable da instalación. No caso de que a **persoa que recolle ao neno/a non fose a mesma que o levou** o día da incorporación presentará **autorización escrita acompañada da fotocopia do DNI do autorizante e do autorizado**.

Dadas as características das actividades a realizar, aconséllase levar:

- Útiles de aseo persoal (xabón, cepillo e pasta de dentes, desodorizante, crema protección solar, etc)
- Toallas
- Niquis-camisetas
- Roupa interior
- Pixamas
- Pantalóns curtos ou bermudas
- Pantalóns de deporte
- Sudadeiras-xerseis
- Chuvasqueiro
- Calzado deportivo (que sirva no caso de choiva).
- Saco de durmir.
- Roupa de abrigo (forros polares, pantalóns longos, chándales...)
- Neopreno
- Chanquetas para a ducha
- Viseira
- Traxes de baño
- Cantimplora e lanterna
- Mochila pequena para saídas
- Bolsa plástico (roupa sucia)
- Deterxente e pinzas roupa
- Caderno e bolígrafo
- **Medicamentos, en caso de tratamento** (entregalos ao DUE)
- Instrumentos musicais, naipes o similares
- Libros de lectura
- Prismáticos

O horario básico da quenda será o seguinte:

08:30 - Erguerse e aseo persoal  
09:00 - Almorzo  
10:00 - Actividades  
14:10 - Xantar  
15:10 - Tempo libre xestionado

16:00 - Actividades  
21:00 - Cea  
21:30 - Tempo libre xestionado  
22:10 - Velada  
23:30 - Deitarse

### **INFORMACIÓN XERAL:**

<b>DATOS XERAIS:</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>▣ Campamento situado na Illa de Ons, con capacidade para 100 prazas en tenda de campaña.</li><li>▣ As Illas Ons son un conxunto de illas que se atopan na boca da Ría de Pontevedra. A Illa de Ons é a de maior tamaño, cunha lonxitude de 5 Km . A costa está repleta de covas e furnas, a mais coñecida e o Buraco do Inferno.</li></ul>
<b>SITUACIÓN:</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>▣ A Illa dista de terra firme 8 Km. na zona de máxima proximidade. O campamento atópase na zona sur da illa, no barrio de Pereiró, protexido dos ventos mariños polo Alto, nunha zona á que se chega por un camiño con rodeiras á beira das praias do sueste illán.</li></ul>
<b>ACCESOS:</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>▣ Barco de Bueu, Sanxenxo e Portonovo.</li></ul>
<b>ENDEREZO:</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>▣ "CAMPAMENTO XUVENIL ILLA DE ONS"</li><li>▣ Ons. <u>BUEU (PONTEVEDRA)</u></li></ul>
<b>COMUNICACIÓN DOS PAIS COS NENOS</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>▣ Teléfono 655 955 174 (todos os días entre as 15:00 e 16:00 horas)</li></ul>

### **NORMAS XERAIS:**

1. As persoas participantes estarán atendidas permanentemente por persoal titulado e especializado na organización e no desenvolvemento das actividades propias deste campamento.
2. Cóntase con atención sanitaria. As persoas participantes deberán levar ao campamento as tarxetas sanitarias orixinais, tanto as da Seguridade Social como as de MUFACE.
3. As persoas participantes poderán falar por teléfono no seu tempo libre.
4. Ningún participante poderá abandonar o recinto do campamento sen autorización expresa da dirección da actividade, e sempre acompañado dos seu pai/nai, ou persoa adulta autorizada (**fotocopia do DNI da persoa que teña a tutela e autorización escrita**), debendo cubrir o impreso axeitado que lles será facilitado polos monitores.
5. Os **medicamentos** que estean a tomar as persoas participantes, así como as alerxias, doenzas, ou calquera outra incidencia que se considere de interese a ter en conta nestes días, **débese comunicar ao ATS do campamento**.
6. A Dirección de actividades ten previsto a organización dun "banco" de cartos e outro de móbiles .

### **QUENDAS E ACTIVIDADES:**

<b>QUENDAS</b>	<b>DESCRIPCIÓN DE ACTIVIDADES</b>
01-08/07/2018	<ul style="list-style-type: none"><li>➤ <b>ACTIVIDADES:</b></li><li>▣ Aventura na Illa. Sendeirismo guiado, orientación, bicicletas. astronomía, aula natureza mariña, etc.</li><li>▣ Actividades de voluntariado que impliquen compromiso social, sendeirismo e bicicleta</li></ul>
11-18/07/2018	<ul style="list-style-type: none"><li>➤ <b>OBXECTIVOS:</b></li><li>▣ Explorar a natureza e coñecer a flora e fauna da zona, a través da realización de actividades de acampada, sendeirismo, orientación, traballos con corda, etc.</li></ul>

21-28/07/2018	<ul style="list-style-type: none"> <li>■ Conseguir hábitos fundamentais de convivencia, participación, hixiene, etc.</li> <li>■ Conseguir a plena integración de todas as persoas acampadas na actividade.</li> <li>■ Recoñecer a importancia do medio natural no desenvolvemento social, cultural e histórico da Illa.</li> <li>■ Aproveitar os recursos locais (arte, lendas, tradicións, fauna -centrándose nas especies comúns e na gandaría ou pesca da zona-, flora...).Fomentar a adquisición de hábitos de vida saudábeis (alimentación, hixiene e RRR -Reducir, Reutilizar e Reciclar-)</li> </ul>
1-8/08/2018	<ul style="list-style-type: none"> <li>■ Fomentar a cohesión entre as persoas participantes e integrar os colectivos desfavorecidos. Traballar aspectos relacionados coa autoestima e a propia identidade, como pilares fundamentais para as relacións igualitarias.</li> <li>■ Promover unhas relacións afectivas baseadas no respecto e na mutua aceptación.</li> <li>■ Entender que todos os traballos poden ser realizados indistintamente por persoas dun ou doutro sexo, recoñecendo e valorando as tarefas relacionadas co coidado das persoas e a responsabilidade nos traballos individuais e colectivos.</li> </ul>